

ACTA DA ASEMBLEA ORDINARIA DA COORDINADORA DE TRABALLADORAS E TRABALLADORES DE NORMALIZACIÓN DA LINGUA (CTNL)

LUGAR: Espazo Cultural A Nave de Vidán (avda. Da Mestra Victoria Míguez, 44, Santiago de Compostela)

DATA: sábado, 12 de marzo de 2022

HORA DE COMEZO: 10.45 h

HORA DE REMATE: 14.20 h

NÚM. DE ASISTENTES: 9 persoas

ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación da acta da asemblea anterior
2. Admisión de novas/os socias/os e ratificación de baixas
3. Exposición, debate e aprobación do informe de xestión
4. Exposición, debate e aprobación do informe de contas
5. Elección de nova Xunta Directiva
6. Exposición, debate e aprobación do plan de acción para o próximo exercicio
7. Presentación e aprobación do orzamento para o vindeiro exercicio
8. Rolda aberta de intervencións

DELIBERACIÓNS

1. Lectura e aprobación da acta da asemblea anterior

A secretaria, Mónica Fernández, somete a votación a aprobación da acta da asemblea do ano 2021 ([Anexo 1](#)) e esta apróbase por unanimidade.

2. Admisión de novas/os socias/os e ratificación de baixas

David Cobas explica que durante o período interassemblear 2021-2022 se rexistrou unha nova solicitude de alta. Neste mesmo período rexistrouse 1 baixa.

O número de socias/os da CTNL en marzo de 2022 é de 160 persoas.

Vótase e apróbase por unanimidade a proposta de altas e baixas presentada pola directiva.

3. Exposición, debate e aprobación do informe de xestión

A presidenta, Anxos Sobriño, presenta, comenta e somete a avaliación o informe/memoria de xestión correspondente ao período 2021-22.

O plan de acción aprobado non se cumpriu na súa totalidade, mais si se levaron a cabo as actividades que se consideraron prioritarias. Desenvolvéronse accións de xestión cotiá da asociación (defensa de intereses dos/das traballadores/as de normalización da lingua, propostas para mellorar o traballo en lingua etc.) e as máis estabilizadas e que supuñan continuidade dos anos anteriores (encontros, colaboracións, formación, LGx15, Agasallo, Premios Mil Primavera etc.). Respecto de **Agasallo**, modificouse a imaxe e a forma de xestión, para centrarse só nas redes sociais. Finalizouse a segunda edición dos **Premios Mil Primavera a proxectos de posta en valor e fomento do galego**, e convocouse a terceira.

Houbo outras **actividades** que quedaron **pendentes**: non se finalizou a elaboración dunha proposta de temario específico para procesos selectivos, con modelos de probas prácticas, nin se iniciou a redacción dunha proposta unificada de probas de lingua galega para o acceso a prazas nas administracións públicas.

En definitiva, desenvolveuse unha actividade satisfactoria, dentro das posibilidades e dos recursos materiais e humanos, para procurar mellorar o discurso e o traballo a prol da lingua e a formación e as condicións das traballadoras e traballadores.

Máis polo miúdo fomos tratando os diferentes bloques:

1. Defensa dos intereses xerais dos traballadores e traballadoras: continuouse coa difusión das convocatorias de prazas; fixéronse solicitudes e alegacións na procura de mellorar as condicións laborais e seguimento das axudas convocadas polas deputacións e a Xunta.

A presidenta salienta a resolución do recurso presentado para pedir a modificación das bases da convocatoria de dúas prazas de técnico/a de normalización lingüística da Universidade de Vigo.

2. Promoción da formación continua: o curso escollido foi o de **Ferramentas da educación social aplicadas á normalización lingüística**. Esta actividade foi moi ben valorada polas persoas asistentes aínda que se botou en falta que durase máis.

Nova colaboración nos **Encontros** para a normalización lingüística que este ano tiveron un formato mixto con gravación previa das intervencións.

3. No apartado da transmisión de ideas e accións de fomento do galego, continuouse cunha nova edición do **LGx15**, este ano optouse por unha acción intermedia entre a edición en liña do ano anterior e as presenciais dos cinco primeiros anos. Menos público e sen actuación en directo mais segue a considerarse un proxecto moi exitoso polo material producido en cada edición. Tamén se levou a cabo un traballo moi interesante de difusión a través das redes sociais e na propia canle de youtube agrupando as intervencións por temáticas para facilitar a súa consulta e divulgación.

En canto a **Agasallo.eu**, seguindo os acordos da asemblea do ano anterior, modificouse a imaxe, creouse unha conta en Instagram e deixouse de actualizar a páxina web. Tamén se retomaron os sorteos de produtos nas redes sociais.

No referido ao Premio **Mil primaveras**, nesta nova edición presentáronse 23 proxectos, que están a ser valorados polo xurado. A participación baixou respecto a anos anteriores o que nos leva a repensar o proxecto.

Outra acción que se levou a cabo este ano foi a conmemoración dos **25 anos traballando en lingua da CTNL** que **consistiu nunha serie** de cinco conversas en liña, conducidas pola xornalista e escritora Rosa Aneiros onde diversas persoas que pasaron pola directiva e con diferentes perfís profesionais e antigüidade na asociación comentaron varios aspectos do percorrido da entidade. As conversas foron gravadas coa coordinación e soporte técnico de Nós Televisión. Esta acción foi moi ben valorada porque axuda á posta en valor do traballo das técnicas e técnicos e, sobre todo, dá a coñecer o labor tan necesario que a asociación vén desenvolvendo. As conversas pódense ver na canle de youtube da CTNL e ademais, ao ter contado con Nós Televisión, tamén se difundiron a través da súa televisión.

E xa non último apartado de Accións organizativas e de comunicación continuouse na mesma liña que anos anteriores.

Logo da exposición por parte da presidenta, comezan as intervencións. Conchi C. dá os parabéns pola iniciativa dos vídeos conmemorativos do 25 aniversario porque buscan a proxección externa da asociación, que é moi necesaria, xa que salienta que se botaban en falta iniciativas que axudasen a visibilizar a nosa situación profesional e o traballo que se desenvolve nos servizos de normalización lingüística.

A continuación intervén Rosa Moreiras para cuestionar o recurso de reposición presentado en relación coa convocatoria de consolidación de prazas na Universidade de Vigo. Concorde co apartado de ampliación como requisito lingüístico ao Celga 5, mais non co da valoración no concurso dos servizos prestados noutras administracións públicas. Rosa argumenta que esa convocatoria xa tivo que pasar os filtros de legalidade internos da propia Universidade de Vigo, e que provén dun proceso extraordinario de consolidación de emprego no que é lóxico que se achegue a máxima puntuación posible á persoa ou persoas que están ocupando a praza que se convoca. Indica ademais que estamos na antesala da convocatoria doutros moitos procesos de estabilización derivados da Lei 20/2021, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, que poden paliar, en parte a precariedade das traballadoras e traballadores de normalización lingüística e que nestes procesos se deben respectar os acordos internos de cada administración, mais cando favorezan ao persoal temporal de longa duración que está ocupando as prazas neste momento.

A presidenta indica que, como unha praza era de acceso libre e outra por promoción interna, non se

pensou como un proceso de consolidación para as persoas que están a ocupar as prazas neste momento. O recurso foi presentado porque unha socia chamou a atención sobre este aspecto, e porque xa se fixera un escrito [similar hai uns anos cando se convocaran prazas na Universidade da Coruña](#). A presidenta aclarou que no recurso da UVigo se deixou aberta a posibilidade de que se valore en diferente grao a experiencia na UVigo e a experiencia noutras administracións, non se pediu que a valoración fose exactamente igual.

Rosa indica que é un asunto delicado, que pode virse en contra en futuros procesos de consolidación e afectar negativamente a outras persoas nesa situación, e pide que a CTNL reflexione sobre que vai facer en futuros procesos selectivos ao abeiro da Lei 20/2021, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Vótase o informe de xestión e apróbase por unanimidade. ([Anexo 3](#))

4. Exposición, debate e aprobación do informe de contas

David Cobas expón o informe económico do período comprendido entre o 15 de febreiro de 2021 até o 15 de febreiro de 2022 ([Anexo 4](#)) e ábrese unha quenda de intervencións.

David aclara que no apartado de ingreso aparece unha doazón que nos fai a Sociedade Galega de Terminoloxía que vén de disolverse; tamén indica que conta como ingreso a subvención da Deputación de Pontevedra polo Premio Mil Primaveras pero que aínda non foi cobrada.

No apartado de gastos indica que aumentaron porque no ano anterior houbera accións que non se puideran levar adiante pola situación sanitaria (a achega de Queremos galego). Tamén destaca como baixaron as comisións bancarias logo das negociacións co banco e a decisión acertada de incluír o seguro de responsabilidade civil. A este respecto recoméndalle á nova tesoureira que haberá que estar pendente das comisións bancarias que, pola experiencia, hai que negociar cada ano.

Vótase a aprobación do informe e apróbase por unanimidade.

5. Elección de nova Xunta Directiva

A presidenta expón a única candidatura presentada ([Anexo 5](#)). Cesaron como integrantes da Xunta Directiva as persoas que se detallan a seguir: David Cobas Medín, tesoureiro, e o vogal Arximiro Fernández Cabanelas. Désígnanse como novos integrantes: Manuel Reyes Villar e Xosé Ramón López Boullón.

A Xunta Directiva da asociación queda constituída da seguinte forma:

Presidenta: María dos Anxos Sobriño Pérez

Secretaría: Mónica Fernández Valencia

Tesoureira: Inmaculada Seage Freire

Vogal 1: María Adela Pita Permuy

Vogal 2: Xesús M. Mosquera Carregal

Vogal 3: Paula Soto Viñas

Vogal 4: Marta Besada Otero

Vogal 5: Manuel Reyes Villar

Vogal 6: Xosé Ramón López Boullón

A Asemblea acordou por unanimidade, cos votos a favor de todas as persoas asistentes, escoller como nova Xunta Directiva as persoas integrantes da única candidatura presentada.

A presidenta agradece a dedicación, apoio e traballos das persoas que estiveron estes últimos anos e dá a benvinda ás novas incorporacións. Tamén anuncia que este será o último período en que exercerá a presidencia. David Cobas manifesta a súa intención de seguir colaborando aínda que non forme parte da directiva e X. Ramón, que se incorpora novamente á directiva, tentará achegar o seu enfoque desde o ensino e desde outros traballos que está a desenvolver na onomástica e os roteiros literarios, entre outros.

6. Exposición, debate e aprobación do plan de acción para o próximo exercicio

A presidenta, Anxos Sobriño, presenta o plan de acción para o período interasamblear 2021-2022 ([Anexo 6](#)). A seguir ábrese un debate, no que se matizan, comentan e aclaran algunhas das accións propostas.

Continuaremos a defender os intereses xerais das/dos traballadoras/es; realizar propostas de mellora da situación do traballo de NL; difundir o labor de NL e convocatorias e actividades de interese para traballadores/as de NL; como complemento do Manual de procesos selectivos para técnicos/as de normalización lingüística finalizar unha proposta de temario específico que inclúa exemplos de probas, especialmente das probas prácticas.

No apartado da formación hai tres propostas: 1. Obradoiro de planificación e avaliación a partir da educación social, 2. Obradoiro de comunicación de argumentos no ámbito empresarial e 3. Curso de formación sobre o proceso de normalización: norma..que? servizo de que? A primeira proposta sería unha continuidade do obradoiro elaborado no ano anterior. A segunda proposta xa fora valorada outros anos e falamos dun posible profesor, X.L. Reza, que participou na última edición do LGx15. E a terceira proposta, presentada na pasada asemblea por Soco García, considerada como unha proposta de primeira necesidade pola falta de coñecemento que hai sobre o labor dos SNL. Propuxéronse dúas persoas que cumprirían perfectamente o perfil para dar este curso, Soco García e Nel Vidal e da súa metodoloxía que mesmo podía ser mixta, presencial e en liña ou mesmo un curso de formación continua á maneira doutros que organiza a EGAP.

Rosa Moreiras propón un obradoiro sobre como xestionar unha iniciativa de normalización lingüística, algo práctico e concreto para desenvolver o traballo cotián de normalización da lingua.

A presidenta tamén informou da proposta de recuperación dunha xornada técnica práctica e propositiva a semellanza do curso de dinamización lingüística *Traballando en lingua*, pero non se chegou a desenvolver.

En canto ás propostas para facer máis efectivo o traballo de NL seguirase na mesma liña que en anos anteriores. Neste apartado engadiuse un novo punto de seguimento dos procesos de estabilización funcional e aquí debateuse como sería a mellor forma de facelo. Acordouse abrir un apartado onde se faga un resumo da lei facendo fincapé nos prazos que esta marca e como vai afectar dependendo dos anos de ocupación do posto de traballo.

Tamén se propuxo facer un seguimento ás novas contratacións que, segundo a lexislación actual, non poderán exceder dos tres anos sen ter convocado a praza.

David Cobas propuxo que a CTNL se dirixa ás universidades para que retomen as prácticas de estudantes en servizos de normalización lingüística, para que novos/as graduados/as coñezan este ámbito de traballo.

No apartado de **Accións de fomento do galego** tratáronse os seguintes programas:

Premios Mil Primaveras queda resolver a terceira edición: escoller os proxectos premiados e organizar a gala. Como nesta edición foron presentados menos proxectos decidiuse darlle unha volta ás bases:

- Facilitar a presentación dos proxectos, que poderían presentarse no seguinte ano sen ter que enviar de novo a documentación, se así o considerar o xurado.
- Reducir os premios.
- Que os premios sexan xerais, sen encadralos en ningunha categoría.

Continuar co **Lgx15** pero tentar abaratar o seu custo, buscando algún patrocinio (px. Deleite) ou algún concello.

Afianzamento dunha nova etapa do **Agasallo**, con máis incidencia nas redes sociais.

Renovación do web da CTNL, a presidenta expón a necesidade de renovación da páxina web para

facela máis atractiva, reorganizala e simplificala; hai apartados que sobran e se cadra habería que engadir outros como un formulario de consulta cos socios e socias.

Á propostas organizativas para 2022-2023 engadiuse a supresión da páxina web de **Como cho digo!** que caduca en outubro deste ano e Rosa Moreiras propón solicitar facer a CTNL membro amigo da asociación de concellos pola lingua, Alingua que se presentará proximamente.

Xesús Mosquera propón que se fagan consultas aos/ás socios/as, a través de enquisas ou formularios, para implicalos/as máis no labor da asociación.

Rosa Moreiras propón que se organice unha actividade de lecer para festexar os 25 (+1) anos da CTNL.

Despois da quenda de debate, vótase e apróbase por unanimidade o plan de acción para o vindeiro período coas modificacións propostas.

7. Presentación e aprobación do orzamento para o vindeiro exercicio

A presidenta, Anxos Sobriño, presenta as previsións orzamentarias para o 2022 ([Anexo 7](#)), unhas previsións que continúan na mesma liña que as de anos anteriores.

Vótanse as previsións orzamentarias para o vindeiro exercicio e apróbanse por unanimidade.

8. Rolda aberta de intervencións

Non houbo intervencións neste punto.

Sen máis asuntos que tratar, a presidenta remata esta asemblea e agradece a participación. Eu, como secretaria, redacto a acta.

A secretaria

Visto e prace
A presidenta

Mónica Fernández Valencia

Anxos Sobriño Pérez

Anexos:

Anexo 1 :Acta anterior: [[Acta da Asemblea Xeral ordinaria do 6 de marzo de 2021](#)]

Anexo 2: Altas e baixas

Anexo 3: Memoria de xestión: [[Informe de xestión 2021-2022](#)]

Anexo 4: Memoria económica: [[Informe económico 2021-2022](#)]

Anexo 5 : Nova Xunta Directiva: [[Candidatura presentada](#)]

Anexo 6: Liñas de acción: [[Proposta de liñas de acción para 2022](#)]

Anexo 7: Orzamento 2021: [[Previsións orzamentarias para 2022](#)]